

SERINDOC

Servicios para la información y documentación de archivos y bibliotecas S.L.



"Satisfacer unha actual necesidade de control e organización de información, tanto en institucións privadas, como en bibliotecas, arquivos e centros de documentación"

Raquel Morano Vázquez

Datos básicos

Actividade:	Tratamento e xestión da información e documentación
Sector de actividade	Servizos telemáticos e novas tecnoloxías
Nº empregados	4
Inversión inicial	6.000 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado con recursos propios e o premio outorgado á empresa polo concello de Santiago de Compostela "Compostela Activa".
Web:	www.serindoc.com
Municipio:	A Coruña, A Coruña
Ano creación:	2006

Descrición do proxecto

SERINDOC (Servizos para a Información e Documentación de Arquivos e Bibliotecas S.L.) é unha empresa especializada no tratamento e xestión da información e documentación, en calquera dos seus soportes. Nace para satisfacer a actual necesidade de control e organización de información, tanto en institucións privadas, como en bibliotecas, arquivos e centros de documentación; ofrecendo aos nosos clientes unha rápida recuperación e acceso á documentación, con indiferenza do soporte en que se atope.

O principal valor da nosa empresa son os recursos humanos, especializados na xestión documental, deseño e implementación de aplicacións de xestión de arquivos e bibliotecas, desenvolvemento de software de xestión documental, aplicacións de normativas de calidade e catalogación e inventariado de calquera tipo de recursos.



C.E.E.I. GALICIA S.A. (BIC GALICIA) – Banco de Proxectos

Páx: 1

SERINDOC. Servizos para la información y documentación de archivos y bibliotecas, S.L.

Datos empresa

Claves do éxito

Creo que a clave fundamental é a dedicación no que fai ao desenvolvemento dos nosos servizos, e por suposto, o perfil profesional e persoal do noso equipo humano, base da nosa empresa.

Como elemento innovador achegamos a profesionalidade (posto que en moitos casos non todos os servizos deste sector, están avalados por profesionais).

Outro punto innovador está na metodoloxía de traballo e a automatización, posto que apostamos fortemente pola creación de ferramentas informáticas para a xestión dos nosos servizos.

Situación actual

Actualmente estamos traballando ben, pero basicamente os nosos clientes son administracións públicas, e aínda que sabemos que é o noso principal cliente, queremos introducir os nosos servizos dentro da empresa privada, que tamén ten estas necesidades.

Ademais, queremos ampliar o noso campo de traballo nos próximos anos e ofrecer servizos de dixitalización, e destrución confidencial de documentación.

Perfil cliente

Organizacións con grandes volumes de documentación ou información (tanto en soporte papel como electrónico), con problemas de espazo e de localización da información.

Organizacións con necesidades no que fai a estruturación ou descrición de información, e de implementación de ferramentas informáticas para a súa xestión.



Idea inicial

A idea xurdiu, durante os meus estudos da Licenciatura de Documentación, froito dun traballo de investigación para unha materia da carreira; despertoume daquela o interese pola viabilidade da idea e o nicho de mercado existente. A partires de aí seguín perfeccionando o estudo, e ampliando coñecementos teóricos e prácticos, antes de comezar coa aventura empresarial.

Principales dificultades y amenazas futuras

Inicialmente a principal dificultade é atopar clientes que te ofrezan unha oportunidade para demostrar o que se pode facer; a competencia é moi dura e non sempre se abren as portas a novas empresas para que demostren a súa valía. No que fai ao futuro, non contemplo ningunha ameaza, posto que considero que a competencia é necesaria para nos superar.

Perfil promotores

Son Diplomada en Biblioteconomía e Documentación, Licenciada en Documentación, e Máster en Xestión e Dirección de Empresas. Conto ademais cunha ampla formación complementaria, tanto na área de bibliotecas e arquivos, como na área empresarial e informática. Profesionalmente, levo desenvolvendo a actividade cinco anos, en distintos ámbitos, como autónoma, ata que nace SERINDOC.

Aptitudes necesarias

A atracción polo mundo empresarial, a capacidade de sacrificio, a claridade de ideas e capacidade de comunicación.



Guía de Actividad

Academias de ensinanza (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

**Demonstrar aos demais as miñas
capacidades
O reto que supón**

**Dirixir persoas e organizacións
Ser o meu propio xefe**

Formación

¿Recibiui información específica sobre a creación de empresas?

Cursei un Máster en Xestión e Dirección de Empresa na Universidade de Almería, así como a participación no IGAPE, e na Escola de negocios EOI da cal somos socios. Puntualmente realizo cursos complementarios en áreas específicas do ámbito empresarial, para reciclarme.

Recibimos no ano 2006 o primeiro premio na categoría xeral, dos outorgados polo Concello de Santiago de Compostela nos premios Compostela Activa.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Simplemente para desenvolve-lo non, pero para podelo desenvolver con éxito considero que si, porque sempre chega un punto en que necesitas certos coñecementos para saber realmente se a empresa é rendible ou non, e como debes enfocar o seu futuro, para asegurar un potencial crecemento.

Anecdotalario

Non dispoñible

